



EXPTE N° 793/2023

ASUNTO: Contratación servicios axuda no fogar

INFORME NON DIVISIÓN EN LOTES

De conformidade ao disposto no artigo 99.3 da Lei de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse no expediente, sendo en todo caso válido a efectos de xustificar a non división en lotes os seguintes:

b) O feito de que a realización independente de diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultase a correcta execución do mesmo dende un punto de vista técnico, ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicara necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán de ser no seu caso xustificadas debidamente no expediente.

A pesar da externalización do servizo e a súa prestación por xestión indirecta (art. 29 da Lei 13/2008 de 16 de marzo de Servizos Sociais de Galicia) o Concello de Nogueira de Ramuín, a través dos seus servizos sociais municipais, seguirá exercendo un amplo control sobre o Servizo de Axuda do Fogar. De conformidade ao disposto no artigo 8 f) do Decreto 99/2012 de 16 de marzo que regula os servizos sociais comunitarios, o Servizo de Axuda no Fogar é unha prestación básica do sistema de servizos sociais correspondéndolle ao Concello entre outras as seguintes competencias:

- O acceso ao servizo.
- A coordinación desta atención con outras intervencións sociais.
- O seguemento e a avaliación da evolución das circunstancias socio familiares.
- Supervisión xeral da prestación do SAF.





CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

Teléf.: Administración 988 20 10 23 - 988 20 18 03 - Servizos Sociais 988 20 11 22 - Ofic. Cultura 988 20 15 25
Fax 988 20 11 20 www.nogueiraderamuin.com Fax 988 20 18 15 - Estda. Nogueira, 3 - 32160 OURENSE

O Servizo de Axuda no Fogar como servizo social caracterízase por ser unha prestación de carácter técnico profesional (co contido detallado no documento PPT) no que é imprescindible que se realice dende unha perspectiva integral proporcionando unha resposta funcional e efectiva ás persoas usuarias.

O Servizo de Axuda no Fogar caracterízase por precisar dunha resposta rápida e eficaz ante as constantes modificacións de altas, baixas e outras incidencias dos usuarios. O que unido á distribución horaria e xeográfica determina que a coordinación das prestacións deba de realizarse dende un único equipo-interlocutor. Polo que resulta máis eficiente a máxima redución do número de profesionais intervintes na coordinación do servizo co persoal municipal para garantir o que debe de ser unha correcta intervención social con cada usuario. A división en lotes determinaría a necesidade de dispor dunha figura intermedia para coordinación das distintas mercantís, o que incrementaría o custo previsto para este contrato. Ademais, dificultaríase enormemente para o pesoal coordinador a organización dos traballos e a coherencia na toma de decisións e exercicio da función de mando na aplicación de protocolos, programas e métodos que require a execución do contrato.

En consecuencia, apréciase que resulta máis eficiente para a correcta execución do contrato dende un punto de vista técnico, organizativo e económico a **NON DIVISIÓN EN LOTES**, sendo **ÚNICO** o obxecto do contrato.

